



CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 13 DE XULLO DE 2010

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lic/1572/2010.- Fundación Monte do Gozo – Proxecto Home Galicia.- Centro de acollida do Proxecto Home na parcela de equipamento asistencial no SUNP-17 do Paxonal, na rúa Cotelengo.

Lic/1238/2009.- Manuel Pumar González.- Rehabilitación dunha vivenda unifamiliar na rúa Avío de Abaixo nº 13.

Lic/1527/2010.- Mercedes Mantenga Ferro.- Rehabilitación de edificio consistente na substitución da cuberta, retellado de alpendre anexo e rehabilitación de fachada con substitución de ventás no lugar de Sionlla de Abaixo nº 14.

Lic/2363/2007.- Juan Iglesias Seoane.- Vivenda unifamiliar na rúa Vintecinco de Xullo, parcela PR-16 do SUNP-4 de Cancelas.

Lic/2352/2007.- María Teresa Balboa Rodríguez.- Vivenda unifamiliar na rúa Vintecinco de Xullo, parcela PR-17 do SUNP-4 de Cancelas.

Lic/348/2010.- José Luís Gómez Pereira.- Vivenda unifamiliar na rúa Vintecinco de Xullo, Parcela PR-13 do SUNP-4 de Cancelas.

PARCELACION.-

Lic/71/2009.- Manuel Salvado Vázquez.- Modificación da licenza de parcelación urbanística das parcelas sitas no lugar de Bando de Abaixo. (+).

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

1711/10.- María Novais Mata.- Expte. Lic/1102/1997 100.000 pts (601,01 €).

1565/10.- Alvaro Rey Vieites.- Expte. Lic/2156/2010 1.500 €.-

OCIHR

LICENZAS

LIC/969/2010.- NOVOLAR SOLUCIONES CONSTRUCTIVAS SL- Colocación de Grúa Torre con base empotrada, no interior da parcela sita na rúa de Acibecharía nº14.

LIC/2698/2007.- ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA- Arranxo do tellado da Igrexa Parroquial de San Cristóbal de Enfesta.

LIC/913/2010.- SA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO- Mellora de accesos e labores de mentenemento e conservación de auditorio no Monte do Gozo.

DEVOLOCIÓN DE FIANZAS.-

DIS/455/2010.- CONSTRUCCIÓN REHABILITACIÓN Y REFORMAS SLU- Devolución da fianza aportada en garantía dos posibles danos derivados pola ocupación de vía pública cunha estada na rúa da SENRA nº 8-10. O importe da fianza é de 601 €.

DIS/821/2010.- CONSTRUCCIÓN REHABILITACIÓN Y REFORMAS SLU - Devolución da fianza aportada en garantía dos posibles danos derivados pola ocupación de vía pública cunha estada na rúa da Porta da Pena nº6. O importe da fianza é de 601 €.

4.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Concédense tres axudas por un importe total de 1659,10 euros.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial da Modificación da normativa do Plan parcial do polígono industrial do Tambre.

Apróbase inicialmente a devandita modificación, segundo o proxecto presentado pola Asociación Área Empresarial do Tambre. O cambio, que se produce co obxecto de adaptar a normativa urbanística do Plan parcial do polígono do Tambre aos novos requerimentos das actividades económicas e produtivas, someterase a información pública durante un mes. Ademais, solicitarase á Consellería de Medio Ambiente a declaración de non necesidade de someter esta modificación ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

7.- Expedientes en materia de contratación.

- Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e prescripcións técnicas e iníciase o expediente para a contratación por procedemento aberto do Servizo de Asesoramento e Colaboración na Inspección Fiscal dos Tributos do Concello de Santiago 2010, cun tipo de licitación de 224.200 euros/ano, IVE incluído.
- Subsanase un erro material no prazo de execución das obras de restauración do Monte de Deus, Fase II, fixándoo en 8 semanas en lugar das 3 fixadas erroneamente.
- Apróbase o prego de cláusulas administrativas e iníciase o expediente de contratación por procedemento aberto do Servizo de Asistencia Xurídica ao Concello de Santiago de Compostela, establecéndose un importe máximo anual de 100.000 euros/ano, garantindo o Concello uns ingresos mínimos anuais de 30.517,24 euros, IVE incluído en ambos casos. Do importe máximo anual, 21.186,44 euros corresponderán a traballo executados durante o ano 2010.
- Acórdase impoñer as penalidades de un euro diario por cada mil euros de prezo de contrato, o que supón un importe total de 17.675,32 euros, ao contratista das obras de reurbanización na rúa Campo das Hortas, dado que o prazo de execución pactado era de dous meses e a demora imputable ao contratista ascende a 104 días naturais.
- Acórdase a convalidación da ampliación do prazo do contrato de reurbanización da rúa da Trindade ata o 18 de xuño de 2010, subsanando así os defectos formais observados na tramitación administrativa. Así mesmo, tendo en conta que a empresa incumpriu o prazo de execución pactado por causas que lle son imputables, supoñendo unha demora de 116 días naturais no remate das obras, impóñense as penalidades establecidas no prego de cláusulas administrativas a razón de 1 euro/día por cada 1.000 euros do prezo do contrato (adxudicado por 111.165,64 euros), o que totaliza un importe de 12.895,21 euros.
- Autorízase a ampliación do prazo do contrato de reurbanización da calzada de San Pedro ata o 30 de xullo de 2010, subsanando así os defectos formais observados na tramitación administrativas. Ademais, tendo en conta que a adxudicataria das obras incumpriu o prazo de execución por causas que lle son imputables, o cal supón unha demora de 26 días naturais no remate das obras, acórdase a imposición de penalidades establecidas no prego de cláusulas administrativas a razón de 1 euro/día por cada 1.000 euros, totalizando 7.791,91 euros.

8.- Proposta da concelleira delegada de Normalización Lingüística relativa á aprobación do programa "CAMPAMENTOS DE VERÁN ANIMALINGUA 2010".

Apróbase a realización do devandito programa, por un importe total de 11.070 euros, para 30 nenos e nenas, así como o prezo público de 60 euros por cada participante, IVE incluído.

9.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á denegación de bonificación no imposto sobre bens inmobilés.

Denégase unha bonificación solicitada.

10.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa á rectificación de erros en diversos acordos desta Xunta de Goberno Local.

Procédese á rectificación de varios erros en acordos de concesión de beneficios fiscais no IBI (os erros refírense á referencia catastral, a dirección ou ao nome dos beneficiarios).

11.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á solicitud de bonificación na taxa por postos e casetas de venda, espectáculos ou atraccións situados en terreo de uso público e por venda de artesanía nas rúas, venda ambulante e rodaxe cinematográfica.

Concédease unha bonificación do 50% na devandita taxa.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa á aprobación do Convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Santiago.
Apróbase o devandito convenio.

14.- Proposta da concelleira delegada de Persoal e Régime Interior relativa a rectificación de erro detectado no acordo nº 32 de data 22 de xuño de 2010.
Procédese á rectificación dun erro material.

15.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego, para dar conta da finalización das obras do edificio destinado a centro de recursos e servizos integrais de apoio á empresa (CERSIA).
Dáse conta da devandita finalización das obras.